



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo

Materia	Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo			
Código	O05G130V01202			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Fernandez Rodicio, Clara Isabel			
Profesorado	Fernandez Rodicio, Clara Isabel			
Correo-e	cirodicio@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral De modo orientativo, os campos de traballo do Educador/a Social focalízanse nas áreas socioeducativa, sociocultural, orientación social, orientación sociolaboral, discapacidades, persoas adultas, maiores, interculturalidade, protección e promoción da muller, familia, menores, etc. A educación social ten por obxecto o desenvolvemento psicossocioeducativo dos cidadáns co fin de acadar, completar e ampliar a súa educación formal, necesidades e expectativas que presentan potenciando o desenvolvemento holístico ao longo da vida.

Á práctica educativa do educador/a social correspóndelle organizar, analizar, diagnosticar, deseñar, elaborar, planificar, desenvolver, asesorar e avaliar proxectos educativos. Ademais, debe colaborar con outros axentes socioeducativos, culturais e laborais, cos responsables de institucións e políticos na orientación de dinámicas que proporcionen oportunidades de desenvolvemento á cidadanía, así como embarcarse en accións de mediación e resolución de conflitos.

A materia de «Didáctica: Deseño e programas no ámbito Socioeducativo» do Grao en E. Social insírese na área de coñecemento de Didáctica e Organización Escolar e abrangue contidos de carácter teórico e práctico. A contribución teórico-práctica desta materia posibilita a adquisición de competencias transversais ou xenéricas e específicas de formación disciplinaria e profesional.

Esta materia adecúase ao perfil disciplinario e profesional da titulación de Educación Social porque posibilita o desenvolvemento de competencias de deseño e implementación de proxectos socioeducativos, a integración de estratexias e recursos innovadores.

Competencias de titulación

Código	
A5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
A9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
A12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
A13	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural
A17	Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural
A20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Planificación e organización
B4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
B5	Xestión da información
B6	Resolución de problemas e toma de decisións

B7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
B8	Capacidade crítica e autocrítica
B9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
B10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
B11	Habilidades interpersoais
B12	Compromiso ético
B13	Autonomía na aprendizaxe
B14	Adaptación a situacións novas
B15	Creatividade
B16	Liderado
B17	Iniciativa e espírito emprendedor
B18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida
B20	Orientación á calidade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socio-educativa e incorporalos nos diferentes ámbitos da acción socioeducativa.	A5	B1 B2 B4 B5 B8 B15 B18
2. Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar.	A9	B2 B6 B7 B15 B17
3. Diseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento.	A12	B2 B4 B7 B9 B11 B16
4. Diseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural.	A13	B4 B7 B10 B16
5. Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural.	A17	B7 B8 B9 B10 B12 B13 B14
6. Asesorar na elaboración e aplicación de planos, programas, proxectos e actividades socio-educativas.	A20	B2 B5 B6 B7 B8 B11 B12 B13 B18 B20

Contidos

Tema	
1. Didáctica e educación social.	1.1. Ámbitos de intervención da didáctica. 1.2. Ámbitos de intervención e funcións didácticas do educador/a social. 1.3. Perfil do educador/a social. 1.4. Didáctica e educación non formal ou difusa.
2. Intervención didáctica na educación social.	2.1. A intervención didáctica na educación social. 2.2. Currículo da educación non formal e tipos de aprendizaxe. 2.3. O educador/a no ámbito escolar.

3. Deseño, organización e intervención dos procesos de actuación na educación social.	3.1. Modelos de intervención e metodoloxías características da educación social. 3.2. Características da estruturación e programación nos diferentes contextos da educación social. 3.3. Principais compoñentes do deseño: obxectivos, contidos, actividades, etc.
4. Análise dos medios didácticos propios da educación social.	4.1. As estratexias didácticas e a integración de recursos na educación non formal. 4.2. A integración dos medios de comunicación e as TIC na educación social 4.3. Os xogos.
5. Avaliación dos procesos de intervención na educación social.	5.1. Concepto, tipos, técnicas e modelos de avaliación na educación social. 5.2. Avaliación dos compoñentes do proxecto ou plano de intervención. 5.3. Identificación de elementos que contribúan a mellorar o deseño e a implementación de proxectos nos diferentes contextos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Obradoiros	5	18	23
Seminarios	9	17	26
Foros de discusión	4	5	9
Prácticas en aulas de informática	5	10	15
Presentacións/exposicións	4	8	12
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	12	24	36
Traballos e proxectos	4	10	14
Cartafol/dossier	3	10	13

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Obradoiros	Deseño e elaboración de materiais e recursos para a intervención social.
Seminarios	Estudo e debate de diferentes modelos de intervención social e análise de situacións socioeducativas.
Foros de discusión	Foros de debate presencial e on-line, dirixidos a reflexión e análise de contidos sobre temáticas sociais diversas.
Prácticas en aulas de informática	Utilización das TIC para a o deseño de actividades, búsqueda, recollida, selección e organización de información, así coma para o manexo de algunha ferramenta dixital.
Presentacións/exposicións	Presentación e defensa de traballos elaborados polo alumnado.
Actividades introdutorias	Identificación do manexo de vocabulario e contidos básicos da materia, ideas previas e posicionamentos nos que se situa o alumnado.
Sesión maxistral	Explicación sobre os contidos da materia dada pola profesora apoiándose no soporte impreso, audiovisual, dixital, etc. pertinente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiros	A profesora ofrecerá as indicacións e pautas oportunas para a realización do traballo planteado ao alumnado, así coma orientación e seguimento do mesmo tanto na aula coma nas titorías. Tanto a atención personalizada coma a grupal verase reforzada polo emprego da plataforma de formación on-line de Faitic, que pon a disposición do alumnado e profesorado a Universidade de Vigo. Asemade, a profesora dinamizará, moderará e fará o seguimento de toda a actividade on-line do alumnado.
Prácticas en aulas de informática	A profesora ofrecerá as indicacións e pautas oportunas para a realización do traballo planteado ao alumnado, así coma orientación e seguimento do mesmo tanto na aula coma nas titorías. Tanto a atención personalizada coma a grupal verase reforzada polo emprego da plataforma de formación on-line de Faitic, que pon a disposición do alumnado e profesorado a Universidade de Vigo. Asemade, a profesora dinamizará, moderará e fará o seguimento de toda a actividade on-line do alumnado.

Presentacións/exposicións	A profesora ofrecerá as indicacións e pautas oportunas para a realización do traballo planteado ao alumnado, así coma orientación e seguimento do mesmo tanto na aula coma nas titorias. Tanto a atención personalizada coma a grupal verase reforzada polo emprego da plataforma de formación on-line de Faitic, que pon a disposición do alumnado e profesorado a Universidade de Vigo. Asemade, a profesora dinamizará, moderará e fará o seguimento de toda a actividade on-line do alumnado.
---------------------------	---

Probas	Descrición
Cartafol/dossier	A profesora ofrecerá as indicacións e pautas oportunas para a realización do traballo planteado ao alumnado, así coma orientación e seguimento do mesmo tanto na aula coma nas titorias. Tanto a atención personalizada coma a grupal verase reforzada polo emprego da plataforma de formación on-line de Faitic, que pon a disposición do alumnado e profesorado a Universidade de Vigo. Asemade, a profesora dinamizará, moderará e fará o seguimento de toda a actividade on-line do alumnado.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Obradoiros	Valoración do deseño e da elaboración de materiais ou recursos didácticos e da súa adecuación ao ámbito de traballo da E. Social. Ata 1,5 puntos.	Ata 15
Seminarios	Valoración da presenza e intervención nos mesmos. Ata 1 punto.	Ata 10
Foros de discusión	Valoración da participación, interese demostrado nos mesmos e calidade das aportacións realizadas. Ata 0,5 puntos.	Ata 5
Prácticas en aulas de informática	Valoración das prácticas dixitais realizadas polo alumnado. Ata 1,5 puntos.	Ata 15
Presentacións/exposicións	Valoración da defensa e da preparación da exposición dun traballo realizado en grupo polo alumnado. Ata 1 punto.	Ata 10
Sesión maxistral	A profesora exporá oralmente co apoio de recursos, medios audiovisuais e TIC os temas centrais do contido da materia. Asemade, introducirá preguntas dirixidas a formulación dalgunha actividade coa finalidade de facilitar a aprendizaxe activa. Destas sesións valorarase a implicación dos estudantes a través da participación na dinámica da aula e a fundamentación axeitada na que se apoia a realización das referidas actividades, así coma a proxección práctica amosada. É requisito facer a entrega en formato impreso ou dixital (segundo o indicado oportunamente pola profesora). Ata 2 puntos.	Ata 20
Traballos e proxectos	Valoración da realización dun deseño de intervención social a escoller entre varias propostas facendo a súa entrega en soporte dixital ou noutro máis idóneo acordado coa profesora. Ata 1,5 puntos.	Ata 15
Cartafol/dossier	Valoración da continuidade e desenvolvemento gradual na realización do portafolio e da súa presentación final. Ata 1 punto.	Ata 10

Outros comentarios sobre a Avaliación

ALUMNADO ASITENTE (con, ao menos, unha asistencia do 80% equilibrada nos diferentes tipos de sesións):

- A data tope para a entrega das diferentes actividades, prácticas, traballos, etc. será comunicada oportunamente pola profesora, así coma o soporte no que se deben presentar. Para o alumnado de avaliación continua o desenvolvemento do traballo con tódalas metodoloxías sinaladas é obrigatorio, así coma acudir a clase regularmente (a lo menos ao 80% das sesións). O non cumprimento destes extremos conleva non ser cualificado a través da avaliación continua.

- Aqueles estudantes que acudan a clase pero non cumpran coas esixencias e calidade requiridas para superar os extremos descritos para a avaliación continua (a lo menos obtendo a metade da puntuación) deberán realizar o exame oficial e presentar algún traballo que lle permita acadar as competencias e puntuacións mínimas esixidas en cada aspecto (3,5 no exame e 1,5 puntos en traballos/actividades/obradoiros) para poder superar a materia. Cando o alumnado por decisión propia se presente ao exame final-oficial, enténdese que renuncia a puntuación da avaliación continua e asumirá a que resulte dos dous extremos referidos, sexa esta superior ou inferior.

- O alumnado asistente deberá cubrir unha ficha dixital, que incluírá no seu portafolio, cos datos persoais e académicos.

ALUMNADO QUE REALICE O EXAME OFICIAL DE 1ª E 2ª CONVOCATORIA E NON ASITENTE:

- De non ter superada a materia por avaliación continua, as competencias non adquiridas serán avaliadas a través das convocatorias oficiais de exames de xuño ou xullo. Tendo que realizar as actividades e traballos que a profesora concretará a cada alumno/a segundo corresponda (ata 3 puntos), así coma a realización dun exame con preguntas de carácter teórico e práctico de desenvolvemento (ata 7 puntos). Para superar a materia e necesario acadar no exame, a lo menos, 3,5 puntos e pola elaboración de traballos/actividades/obradoiros 1,5 puntos. Conservarase a cualificación mínima acadada para superar un destes extremos, dentro do mesmo curso académico, pero na acta académica figurará suspensa a materia. Nestes casos,

para determinar a puntuación outorgada súmanse as de ambas partes e divídese o seu cómputo entre dous.

- O **alumnado non asistente deberá** concretar coa profesora os traballos/materiais/etc. a realizar, como máis tarde, no mes de abril e facer a súa entrega o mesmo día en que realice o exame oficial da 1ª ou 2ª convocatoria.

- As datas de realización do exame oficial serán as que figuran no calendario de exames da Facultade.

- O lugar de publicación das cualificacións e da revisión será no taboleiro de anuncios do despacho da profesora responsable e/ou na Plataforma Tema. Esta data da revisión sinalarase no listado de cualificacións exposto a partir da data oficial.

* **OBSERVACIÓN:**

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se levarán a cabo co alumnado na materia, concibíndose con certa flexibilidade; en consecuencia, pode requirir algunha rectificación promovida polo grupo de destinatarios real ou pola relevancia de situacións sobrevidas. Así mesmo, aportaráselle ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA:

- Feliz Murias, T. (2010). *Diseño de programas de Educación Social*. Madrid: McGraw Hill.

- Feliz Murias, T. e Ricoy, M.C. (2002). El voluntariado en la intervención educativa de las casas de acogida. En Rosales, C. (Coord.), *Voluntariado y función docente* (pp. 359-366). Santiago de Compostela: Tórculo.

- Feliz Murias, T., Sepúlveda, F. e Gonzálo, R. (2008). *Didáctica general para educadores sociales*. Madrid: McGraw Hill.

- Medina, A. (1995). *Didáctica general: Modelos y estrategias para la intervención social*. Madrid: Universitas.

- Parcerisa, A. (1999). *Didáctica en la educación social. Enseñar y aprender fuera de la escuela*. Barcelona: Grao.

- París, E., Llena, M.A. e Quinquer, D. (2003). *Planificación y análisis de la práctica educativa*. Barcelona: Grao.

- Ricoy, M.C. (1996). *El curriculum de las personas adultas en educación no formal*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

- Ricoy, M.C. (2000). O texto libre e o debuxo: valor lúdico-didáctico. En Dapia, M.D. e Cid, X.M. (Coords.), *Da escola rural a educación social* (pp. 153-164). Ourense: Universidade de Vigo.

- Ricoy, M.C. e Feliz Murias, T. (2002). Participación del voluntariado en las actividades extraescolares. En Rosales, C. (Coord.), *Voluntariado y función docente* (pp. 301-307). Santiago de Compostela: Tórculo.

- Ricoy, M.C. e Feliz Murias, T. (2002). Estrategias de intervención para la escuela de padres y madres. *Educación XXI*, 5, 171-197.

- Ricoy, M.C. e Feliz Murias, T. (2005). Significado do xogo e relevancia do seu uso como recurso lúdico-educativo. *Revista Galega do Ensino*, 47, 1169-1184.

- Ricoy, M.C. e Feliz Murias, T. (2005). Ejemplificación para la práctica educativa. La organización de un taller lúdico-didáctico. *Guadalbullón*, 12, 117-131.

ALGUNAS REVISTAS RECOMENDADAS:

- Educación XXI.

- Educação e Sociedade.

- Espacio abierto.

- Revista de Educación Social.

- Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social.

ALGUNAS WEBS DE INTERÉS:

- <http://www.eduso.net/>

- http://es.wikipedia.org/wiki/Educaci%C3%B3n_social

- <http://www.doslourdes.net/UEpopularytradicional.htm>
- http://www.galeon.com/cevico_navero/juegos.htm
- <http://www.escharacter.com/Html2/educacionsocial.htm>
- <http://www.uhu.es/cine.educacion/didactica/0042tecnicasgrupos.htm>
- <http://www.septg.org/>
- <http://www.ipetg.com/>
- <http://www.bosquejoverde.com.ar/juegosdigitales/ToFM/>

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Educación de persoas adultas/O05G130V01401
Educación para o lecer e o tempo libre/O05G130V01402
Educación social no sistema educativo/O05G130V01304
Estratexías de aprendizaxe en contextos socioeducativos/O05G130V01403
Intervención socioeducativa para a inclusión social/O05G130V01405

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación: Educación permanente/O05G130V01203
Educación: Historia da educación social/O05G130V01204
Educación: Pedagogía social/O05G130V01205

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento/O05G130V01102
Educación: Teorías e institucións educativas/O05G130V01103
Recursos tecnolóxicos en educación social/O05G130V01105